

## O idioma galego na sanidade

Fraga Bermúdez, X.M.

Decano da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela

CAD. ATEN. PRIMARIA 2004; 11: 123-125

A sociedade galega emprega dúas linguas. Esta sociedade excede ao individuo e enriquece. Esta sociedade ten institucións coas que os galegos se solidarizan e se diferencian.

A lingua galega mergulla as súas raíces nas profundidades da súa conciencia individual de ser galego. De alí saen as palabras do home galego para expresarse na súa organización biosocial. O galego naceu da vida, do desexo e da necesidade de comunicación dos humanos. Os galegos crearon o galego. Os galegos sans e enfermos expresamos os nosos sentimentos en galego. Necesitamos que os sanitarios nos entendan en galego.

O exercicio médico leva implícita a relación cos pacientes e coa comunidade para a promoción da saúde e da prevención da enfermidade. Polo tanto é esencial que, ademais dos coñecementos, capacidades, habilidades e actitudes propias da profesión, o médico coñeza e saiba empregar o elemento imprescindible para levar a cabo esta comunicación. Este elemento é a lingua dos pacientes. É necesario coñecer o galego.

O médico, actuante nun medio social, debe ter competencias de comunicación; unha boa comunicación é a base da relación entre o médico e o paciente. Os médicos debemos ter habilidade de comunicación efectiva en tódolos aspectos relacionados coa comunicación oral, para levar a cabo as entrevistas, a elaboración da historia clínica, dar información, e para a obtención do consentimento informado.

Nun mundo cada día máis globalizado e cun desenvolvemento da ciencia anglofilizado, no que os anglos consideran e aseguran que a súa lingua cobre tódalas necesidades comunicativas do mundo contemporáneo, non podemos olvidar que **o galego é a lingua natural de tódolos galegos**, e a onde foron parar as súas experiencias, os seus saberes e as súas crenzas. Nela exprésanse con plenitude. O home está vencellado á súa lingua, ao seu entorno e á súa circunstancia. O galego é Galicia.

Nós estamos aquí para formar licenciados en medicina e en odontoloxía. Eles atenderán a saúde dos galegos e das galegas. A atención integral dos galegos debe e pode facerse en galego. A administración sanitaria ten normati-

vas garantas de que se poida levar a cabo deste xeito, e de feito a totalidade das súas normativas oficiais nos chegan en galego. Aínda así temos moito camiño que andar e quizais moito galego que aprender. **É a nosa intención facilitar e implementar cursos de galego na Facultade**, polo menos como créditos de libre configuración. Debemos posibilitar que os estudantes de aquí e de fóra saiban usar a lingua galega para entenderse e para poder tratar globalmente aos galegos que teñen o galego como lingua natural.

A palabra galega ten un sentido semántico propio debido a que cando o galego a emprega é porque lle asociou á palabra un sentido propio do ser social galego. A palabra só ten o sentido que o ser que a emite lle dá, aínda que no medio social poida ter outros. A lingua galega funciona no seu contexto social, cultural e político. Os galegos úsana e necesítana. O galego enfermo tamén a necesita, e nesta situación máis ca noutras, e ás veces máis que cando estaba san.

Independentemente de cal sexa a súa evolución e a súa configuración no contexto político e administrativo, os sanitarios temos claro que a lingua galega existe e é necesaria na relación cos nosos pacientes, relación que é sempre humana.

Por todas estas razóns e por outras, o galego debe ser coñecido e utilizado e, se é necesario, débemolo ensinar durante os estudos das nosas licenciaturas.

A linguaxe é un acto fisiolóxico, que crea a fala para responder a un desexo de comunicación entre os homes, desexo de comunicación que se particulariza nun idioma. Se existe un pensamento galego, unha psicoloxía persoal do galego, se existe unha organización social que ademais emprega e desenrola o idioma galego, non queda ningunha dúbida de que os médicos e os odontólogos en Galicia deben ter, e debemos facilitarlles, a oportunidade de aprender a expresarse en galego xa que así estarán nun mellor camiño para analizar os mecanismos do pensamento, dos aspectos biopsicosociais e da patoloxía mental e para contribuír a mellorar e dar saúde e máis tempo de vida aos galegos.

Os homes movémonos no mundo das ideas que é o mundo dos conceptos. Os conceptos fixeron as palabras. Estas permiten a comunicación dun cerebro a outro. A sociedade activa comunícase por palabras. Os galegos con palabras galegas crearon unha sociedade con necesidades específicas, e necesitan palabras galegas para desenvolverse racionalmente.

Á palabra galega correspóndelle unha realidade galega. Ao ser galego correspóndelle a palabra galega. Ao sanitario galego correspóndelle empregar a palabra galega. Estas son algunhas das razóns polas que exaltamos aquí o **Diccionario Galego de Termos Médicos**. Este debe ser unha ferramenta de traballo, como o será o vocabulario no que están a traballar o grupo de estudantes e de profesores da comisión de normalización.

Cada palabra ten unha realidade substancial que o ser humano que a usa fai persoal. E isto é así para o san e para o enfermo. Falo en galego. Necesito o galego. Estou doente. Son galego. Abofé que necesito que me falen e me saúden en galego. Isto non o é todo na mellora da doenza, pero axuda.

Falar galego leva implícito empregar palabras que connotan conceptos singulares e que expresan maneiras de ser vistas desde un aspecto propio e particular. Indica unha necesidade de especificación, de particularización, de autoidentificación do pensamento individual, de socialización. É parte do modo de ser galego. En moitas enfermidades, a nosa axuda para a súa curación só poderá facerse con éxito se as comprendemos no seu idioma. Só falando a mesma lingua que o paciente interlocutor se poderá entender plenamente a expresión do pensamento do enfermo galego.

**A mitocondria pode comprenderse e entenderse en tódolos idiomas**, e ela traballa na linguaxe bioquímica na xeneración da enerxía que fai posibles tódalas linguas. A enfermidade orgánica pode ser atendida en tódolos idiomas, mais **o ser humano, integrado e formando parte do seu medio, pode necesitar que o comprendan na súa lingua** para poder curarse, e non só psiquicamente. O doente galego na súa continxencia individual necesita do seu idioma na actividade sanitaria. O galego, aquí, non é un idioma máis, é a lingua necesaria para atender, entender e solucionar problemas de saúde.

Empregar a lingua galega na comunicación cos pacientes é unha forma eficiente de levar a cabo a actividade sanitaria con e nos seres galegos, xa que éstos teñen o galego como lingua afectiva, pero tamén como linguaxe activa.

Todo isto supón que en calquera situación sanitaria posible, sempre debe haber médicos e odontólogos que falen e entendan o galego. Para lograr que os galegos teñan mellor saúde é necesario que, ademais de medicina e odontoloxía, tamén saibamos utilizar o galego.

As linguas sempre están nunha infancia infinita, sempre crecendo, sempre cambiando e sempre perdendo algo, sempre morrendo un pouco, pero sempre vivas. Estamos sempre nun debate intermedio entre un bilingüismo perfecto, non competitivo, e o imposto pola declaración de lingua oficial. O uso dunha lingua leva implícito o uso dunha das dimensións da liberdade, liberdade tanto persoal como colectiva. Permítese así que unha realidade íntima se convirte nunha realidade social. Se o galego é a nosa realidade íntima será a nosa lingua social.

A carga emocional é moi forte e complica o debate. En ocasións, sobre individuos é moi difícil chegar a acordos. Todos falamos, polo menos, unha lingua, o que fai que cada un teña a súa propia historia que explicar neste asunto porque pensa que entende claramente a cuestión. Non acostuma acaecer o mesmo cando se debate sobre un tema científico ou sobre unha innovación tecnolóxica.

Non se pode falar ben, non se pode escribir, non se pode crear se non se conta co que vén dende atrás, coa tradición. Ela é o basamento.

O labor da **Comisión de Normalización Lingüística da Facultade** enmárcase dentro do Plan de Normalización Lingüística da USC. Temos en conta que os niveis máis baixos de uso do galego se dan no ámbito de parte das Ciencias Biomédicas, entre elas as licenciaturas da nosa Facultade, e en Físicas.

O que pretendemos é conseguir a implicación progresiva de tódolos colectivos da Facultade de Medicina e Odontoloxía no proceso de avanzar na normalización lingüística. Buscamos a coexistencia harmónica entre as nosas linguas, sen discriminacións de ningunha clase, sen violentar vontades. Queremos axudar á expresión libre e democrática da realidade íntima de cadaquén.

A realidade é que pouco a pouco hai máis falantes en galego no noso medio habitual. Froito desta evolución é que, quizais por primeira vez en séculos, danse dende hai anos clases de medicina nesta lingua. Existen tamén apuntes, CDs e un libro de anatomía para odontólogos.

Un elemento de gran axuda co que contamos dende hai dous anos é un Diccionario Galego de Termos Médicos. Este foi apadriñado pola Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e pola Dirección Xeral de Política

Lingüística, pero o seu pulo puxérono dous profesores desta Universidade. Os dous, profesores eméritos. Un deles, un filólogo de sona, **o Prof. Constantino García**, asturiano de berce, e o outro un profesor desta Facultade e hoxe en día Presidente da mencionada Real Academia, **o Prof. Francisco Reyes**, catalán de orixe, pero ámbolos dous galegos de corazón e xa de mente. Foron axudados por un bo equipo de filólogos; entre todos, levaron a empresa a bo termo. Non podemos pasar por alto o feito de que **dous galegos de adopción puxeran en marcha esta tarefa tan necesaria**. A eles queremos expresarlles o noso agradecemento porque nos honraron co seu traballo.

Nos estamentos do ensino da medicina e da odontoloxía detéctase unha demanda crecente do uso do galego, aínda que esta esixencia se declára maior na práctica clínica e no labor asistencial. O resumo é que no noso medio temos un bilingüismo real con predominio do castelán no teórico e do galego na práctica médica.

A realidade tamén nos mostra que os licenciados da nosa facultade cando acceden ao mercado de traballo, ben sexa na administración ou na asistencia privada, tópanse

co idioma galego tanto nos papeis administrativos como na relación cos doentes ou clientes.

Parece, pois, que é imprescindible que implementemos nos nosos centros cursos de galego, e cursos de terminoloxía médica en galego aos que poidan acudir os estudantes libremente para adquirir unha maior formación integral e lingüística, pero que lles permita tamén cursar créditos de libre configuración, igual que este ano se fixo para a lingua inglesa. Todos temos claro que os coñecementos e a actitude do persoal docente, investigador e asistencial é un exemplo de gran valor didáctico para os estudantes.

En resumo, queremos:

- Difundir, apoiar e basearnos no plan de normalización lingüística da USC.
- Propiciar que o galego sexa lingua normal de comunicación e de traballo nos nosos centros porque é necesario para facer mellores médicos e para a atención sanitaria integral dos galegos.
- Que os dereitos lingüísticos sexan coñecidos por todos.
- Potenciar o uso do galego, apoiando todas as iniciativas dos membros desta Facultade neste senso.